



PLAN DIXITAL

IES SALVATERRA DE MIÑO

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES Salvaterra de Miño atópase na parroquia de Salvaterra (cabeceira do concello) en Chan da Ponte Nº 12. Está situado no polígono industrial da vila, polo que está rodeado de empresas dedicadas a diferentes actividades (metal, pedra, transportes...).

O centro leva en pé dende o curso 1998/99,

Páxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/iessalvaterramino/>

Correo electrónico ies.salvaterra.mino@edu.xunta.gal

Alumnado

O alumnado do IES Salvaterra de Miño procede, na súa maioría, do propio concello. Principalmente chegan ao centro tralo seu paso polos colexios adscritos, que son o CEP Carlos Casares (situado na parroquia de Alxén), o CEIP Infante Felipe de Borbón (situado na parroquia de Salvaterra) e o CEIP de Leirado (parroquia de Leirado). Isto é motivo máis que suficiente para que un dos obxectivos do IES Salvaterra de Miño sexa o de manter reunións periódicas coas direccións de ditos centros co fin de tratar de impulsar a cooperación entre o IES e os centros adscritos, preparar a chegada ao centro dese alumnado e tratar de prever posibles problemas académicos e de conduta.

Grazas á oferta educativa do IES Salvaterra de Miño, chegan, tamén, alumnos procedentes de concellos limítrofes, como Salceda de Caselas, Pontearreas e As Neves. Temos que ter en conta, ademais, que, aínda que nunha porcentaxe ben pequena, ao centro chega tódolos anos alumnado inmigrante (Marrocos, Brasil, Cuba, México...) o que obriga a tomar medidas para a súa integración no noso sistema educativo.

Neste curso contamos con 608 alumnos e alumnas cunha tendencia ao alza que se consolida ano a ano.

Profesorado

No IES Salvaterra de Miño somos un total de 56 profesoras e profesores divididos en 19 departamentos didácticos, sendo as mulleres ampla maioría. A maior parte do profesorado ten destino definitivo no centro, habendo so arredor dun 13% do profesorado en expectativa de destino ou en situación de interinidade.

Oferta educativa

Cos cambios legislativos que se foron producindo ao longo dos últimos anos, a oferta educativa do IES Salvaterra de Miño, ao igual que a de outros moitos centros da Comunidade Autónoma Galega, viuse bastante modificada. Actualmente no noso centro impártense as seguintes ensinanzas:

- Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO)
- Bacharelato, nas modalidades de Bacharelato Científico e Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais
- Ciclo de grao medio de Soldadura e Caldeiraría
- Ciclo de Formación Profesional Básica de Carpintaría e Moble

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Situado na comarca do Condado do Tea, o concello ten unha extensión de 62 km² e está constituído por 17 parroquias, con aproximadamente 9800 habitantes. O seu relevo, chan e a abundancia de auga únense ao seu especial microclima convertendo ao concello nunha zona ideal para as plantacións vitivinícolas e hortícolas. A isto tamén contribúen os seus cinco ríos: Uma, Tea, Caselas, Mendo e Miño.

A vila experimenta nos últimos anos, unha fase expansiva directamente relacionada co desenvolvemento da PLISAN, de aí o auxe da construción e a mellora das infraestruturas viarias en dirección O Porriño, Pontearreas e As Neves. Aumentaron o número de empresas e edificios do seu polígono industrial, paralelamente á

potenciación do concello como destino de lecer e turismo, polas súas boas condicións climáticas e paisaxísticas (rutas de sendeirismo, club de piragüismo no río Miño, festa do viño...). Con todo, trátase dunha área rural cun hábitat disperso e con predominio de actividades económicas primarias. Neste sentido, as condicións económicas das familias están no segmento medio-baixo. Feitos coma este contan moito á hora de organizar as actividades do centro tanto a nivel extraescolar como académico. O transporte é outro problema a ter en conta xa que este non conta con horarios flexibles nin percorridos apropiados para que as familias poidan comunicarse facilmente coa cabeza do concello, feito que dificulta a relación das familias co centro, importante no ámbito educativo.

O Plan Dixital de Centro debe contribuír á superación da fenda dixital do noso alumnado, mellorar a súa competencia dixital, facilitar a comunicación coas familias e contribuír dun xeito activo ao desenvolvemento integral do alumnado.

Na Programación Xeral Anual do curso 2021-2022 recolleemos nos apartados 1.1 e 2.1 a necesidade de elaborar o Plan Dixital de Centro. De cara á Programación Xeral Anual do curso 2022-2023 o PD aparecerá recollido nos aspectos organizativos, didácticos, do Plan de Acción Titorial e de formación do profesorado segundo os Plans de Acción deseñados dentro do PD para o vindeiro curso.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A Elaboración do Plan Dixital de Centro implicou a formación de un Grupo de traballo, incluído no PFPP; baixo a dirección do Sr. Director: D. Victoriano Costas e integrado por 4 profesores: Dna M.^a Dolores Martínez, Dna Sandra Parada; D. Andrés Cabana e Dna M^o Carmen Pardo que exerceu como coordinadora do grupo de traballo.

A elaboración do Plan Dixital de Centro desenvolveuse nas seguintes sesións de traballo:

- 13/10/2021 Reunión inicial. Revisión das preguntas do test Selfie Europa e configuración do test SELFIE do centro.
- 8/11/21 Seguimento do proceso de elaboración do test Selfie e revisión do calendario de elaboración por parte do alumnado.
- 15/11/21 Seguimento da elaboración do test Selfie.
- 19/11/21 Seguimento da elaboración do test Selfie.
- 26/11/21 Información do coordinador Adix. Revisión dos test Selfie de cara a elaboración do informe.
- 20/12/21 Revisión datos enquisa Selfie Elaboración informe Selfie Entrega informe en Adix. Estudo dos datos obtidos de cara a preparación do informe DAFO.
- 23/03/22 Teleformación sobre elaboración do DAFO para o Plan Dixital de centro A partir do aprendido na docencia, traballo do equipo de cara a elaboración do DAFO.
- 20/04/22 Análise dos resultados do test Selfie e elaboración do informe DAFO Estudo das diferentes actividades que permitan elaborar o Plan Dixital de Centro.
- 02/05/22 Selección de actividades de cara a elaboración das táboas do Plan de acción.
- 18/05/22 Elaboración das táboas do Plan de Acción.
- 19/05/22 Redacción do Plan Dixital de Centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:

- Conectividade: fibra óptica e radioenlace,
- Infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos).
- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
- Todas as aulas do centro están dixitalizadas con ordenador e canón. O material dispoñible é, na maioría, anterior a 2014, polo que está en proceso de actualización/substitución, as de ESO (15) co equipamento do proxecto E-Dixgal (15 aulas), Equipos de xestión e administración (7) , Biblioteca (5) , equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos (17), aulas de informática (54)
- Servizos dixitais educativos: páxina web do centro, aula virtual, G-Suite, Agueiro, E-Dixgal, espazo Abalar, Abalar móbil.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro.
- [Plan de continxencia](#)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Presentamos nas táboas adxuntas o resultado acadado na enquisa SELFIE Europa e DPD

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,2	3,1	2,7	
	Profesorado		2,9	2,8	2,9	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2,7	2,6	2,6	
	Profesorado		2,7	2,6	2,6	
	Alumnado		1,3	1,6	1,7	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,1	3,3	3,3	
	Profesorado		3,4	3,2	3,5	
	Alumnado		4	2,4	2,6	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,6	3,8	3,4	
	Profesorado		3,3	3,4	3,0	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3	3,4	3,6	
	Profesorado		3,8	4	4,1	
	Alumnado			3,8	3,8	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		2,6	2,6	2	
	Profesorado		3,3	3,5	3,3	
	Alumnado		3,3	2,9	2,9	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,7	1,9	3,2	
	Profesorado		2,9	3,0	2,8	
	Alumnado			2,2	3,1	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		2,8	3,2	3,2	
	Profesorado		3,2	3,1	2,8	
	Alumnado		3,5	2,8	3,1	

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	25	32	71,4
PROVISIONAL	4	6	66,7
INTERINO	11	13	84,6
SUBSTITUTO	1	2	50
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	79	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	81,4	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P	85,8	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,4
A2	8	19,5
B1	21	51,2
B2	8	19,5
C1	3	7,3
C2		
TOTAL	41	99,90%

2.3. Análise DAFO

O resultado obtido nas dúas enquisas anteriores leva a un análise DAFO que presentamos:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>1. A infraestrutura dixital respalda a ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>2. Temos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ dispositivos dixitais para o seu uso no ensino. ➤ un acceso a internet no centro que permite o uso das tecnoloxías dixitais ➤ dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou que xestionamos á disposición do alumnado cando os precisa. ➤ O alumnado con necesidades educativas especiais teñen acceso a tecnoloxías asistenciais. 	<p>1. Non temos sistemas de protección de datos.</p> <p>2. Espazos físicos para o desenvolvemento do ensino baseado en tecnoloxías dixitais.</p>

PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existe debate e reflexión sobre a necesidade do DPC no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais. 2. Dentro do noso centro temos acceso a ter un DPC no relativo ao ensino con tecnoloxías dixitais. 3. Empregamos internet para buscar recursos educativos. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de tempo para explorar como mellorar a nosa forma de ensino coa utilización de tecnoloxías dixitais. 2. Falta debate sobre as vantaxes e desvantaxes de empregar as tecnoloxías dixitais no ensino aprendizaxe. 3. Uso das TIC para a colaboración con outras organizacións. 4. Non empregamos as tecnoloxías dixitais para: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Adaptar o noso método de ensino ás necesidades individuais do alumnado. ➤ Facilitar a retroalimentación adecuada ao alumnado. ➤ O alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe. ➤ O alumnado reflexione sobre os traballos de outros alumnos.
ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou que xestionamos a disposición do alumnado cando o precisa. 2. Hai dispositivos dixitais portátiles que son propiedade do centro ou que xestionamos que o alumnado pode levar a casa cando o precise. 3. Hai acceso a unha base de datos de provedores de formación de centros de traballo. 4. Hai acceso a dispositivos dixitais fora do centro. 	<p>Uso das tecnoloxías dixitais para mellorar a aprendizaxe fora do centro</p>
FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comunicación coas familias mediante tecnoloxías dixitais (ABALAR MÓBIL, WEB) 	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Asistencia técnica propia. 2. O alumnado con necesidades educativas especiais teñen acceso a Tecnoloxías Dixitais 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Non temos unha boa estratexia dixital. 2. Non avaliamos o noso progreso en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS	
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. Temos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Dispositivos dixitais para o seu uso no ensino, ABALAR, EDIXGAL. ➤ un acceso a internet no centro que permite o uso das tecnoloxías dixitais. ➤ Dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou que xestionamos a disposición do alumnado cando os precisa. 	<p>Non temos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Sistemas para a protección de datos. 2. Coñecemento e aplicación das normas sobre dereitos de autor. 3. Falta de tempo dentro do horario profesional para adaptar as tecnoloxías dixitais a nosa forma de ensino aprendizaxe. 	
	LEXISLACIÓN		Falta de tempo para explorar como mellorar a nosa forma de ensino coa utilización de tecnoloxías dixitais.	
	CONTORNA		Non temos medidas para identificar as dificultades relacionadas coas necesidades de aprendizaxe e contexto socioeconómico das familias	
	ANPA	1. Hai dispositivos portátiles que son propiedade da ANPA que xestionamos e que o alumnado pode levar a casa cando o precisa		
	OUTRAS ENTIDADES			Uso das tecnoloxía dixital para a colaboración con outras organizacións.

3. Plan de Acción

Unha vez detectados os apartados nos que necesitamos mellorar, eliximos os máis adecuados aos recursos que temos no Centro na actualidade.

Basearemos os nosos esforzos, neste primeiro ano, en mellorar a equipamento da Biblioteca, que conta con infraestrutura obsoleta. Actuaremos, tamén na formación e implementación das ferramentas dixitais de avaliación, deseñaremos un plan de actuación para acollemento de alumnado con incorporación tardía e empezaremos coa primeira fase da formación do espírito crítico na análise da información do noso alumnado.

Quedarán para os vindeiros cursos a formación e afondamento en seguridade en Internet, dereitos de autor e demais necesidades detectadas.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Con posterioridade a elaboración do DAFO é, debida as características particulares deste curso 21/22, sentimos a necesidade de implementar un obxectivo (nº4) no plan dixital para o acollemento de alumnado que por varias razóns se incorporan o centro de xeito tardío.

Os obxectivos a desenvolver no vindeiro curso escolar, se reflicten nas táboas seguintes :

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora":						ÁREA C - Infraestruturas e equipamento	
OBXECTIVO:	Repoñer os dispositivos dixitais da biblioteca (C8)					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a das TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de equipamento con hardware anterior a 2014 a ser substituídos						
Valor de partida	16 % do equipamento con hardware posterior a 2014						
Valor previsto e data	100% de equipamento con hardware posterior a 2014				15/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1:Determinar o número de equipos a subsistir	Coordinador/a das TIC	1/09/2022	Persoas adicadas e dispoñibilidade de horario lectivo			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2:Adquirir e instalar os novos equipos informáticos	Coordinador/a das TIC Secretario/a do centro	15/12/2022	Orzamento			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

"Área/s de mellora":		ÁREA G – Prácticas de avaliación				
OBXECTIVO 2:	Empregar as ferramentas de avaliación en contornas MOODLE (G1)			Acadado		
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de cursos nos que se levou a cabo a cualificación de tarefas e probas de avaliación propostas a través da contorna Moodle (Instrumento: cuestionario)					
Valor de partida	5 % dos cursos da aula virtual/plataforma EVA					
Valor previsto e data	50 % dos cursos da aula virtual/plataforma EVA			10/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Formar en avaliación e emprego do libro de cualificacións en cursos Moodle a través de un PFPP	Dirección	30/9/2022	Convocatoria do PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Crear categorías e subcategorías para a xestión das cualificacións	Profesorado das diferentes materias	23/12/2022	Aula virtual do centro Plataforma EVA Cursos de cada materia participante e criterios de cualificación destas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Incluír tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións	Profesorado das distintas materias	30/3/2023	Aula virtual do centro Plataforma EVA Actividades das materias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Cualificar as tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións	Profesorado das distintas materias	10/6/23	Aula virtual do centro Plataforma EVA Actividades das materias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":						ÁREA H – Competencias dixitais do alumnado.	
OBXECTIVO 3 :	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de ESO para a analizar a fiabilidade da información (H5)					Acadado	
RESPONSABLE:	Persoas titoras de cada grupo/Orientación					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de sesións lectivas dedicadas a analizar a fiabilidade da información (Instrumento Plan Titorial)						
Valor de partida	0 sesións						
Valor previsto e data	4 sesións						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A03.1: Crear grupos de traballo na aula para analizar a información	Persoas titoras de cada grupo	20/12/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.2: Elaborar una rúbrica que se utilizará para analizar a información	Persoas titoras de cada grupo	30/3/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.3: Elaborar dos retos con información de diferentes sitios web para valorar a súa veracidade por parte do alumnado coa rúbrica xerada	Persoas titoras de cada grupo	30/5/2023	Rúbrica creada		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora":						ÁREA F - Pedagogía: Implementación na aula						
OBXECTIVO:			Adaptar actividades de aprendizaxe dixital ás necesidades do alumnado de incorporación tardía (F1)						Acadado			
RESPONSABLE:			Departamento de orientación						Non acadado			
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO			Número de actividades adaptadas por materia ao remate de mes de incorporación ao centro do alumno/a (Instrumento: Enquisa ao profesorado das materias implicadas, reflectida na memoria do Departamento de Orientación)									
Valor de partida			Sen datos previos									
Valor previsto e data			2 actividades adaptadas en todas as materias implicadas									
ACCIÓNS A DESENVOLVER												
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN								
				VALORACIÓN DA ACCIÓN				ESTADO				
AO4.1: Convocar reunión do dep. de orientación para a selección das competencias nas que se fará adaptación e as materias implicadas	Persoa orientadora	Na semana de incorporación do alumno/a as centro	Expediente do alumno/a e outros informes individualizados					Realizada				
								Aprazada				
								Pendente				
AO4.2: Convocar reunión do departamento de orientación co equipo docente para a selección de actividades ou contidos a adaptar	Xefatura de estudos	Semana seguinte á incorporación do alumno/a ao centro	Competencias seleccionadas na reunión anterior, Programación das materias					Realizada				
								Aprazada				
								Pendente				
AO4.3: Adaptar os contidos ás necesidades	Profesorado das distintas materias e responsable da AV	Dúas semanas despois da reunión previa da AO4.2	Software específico de ser o caso Posible: Formación específica					Realizada				
								Aprazada				
								Pendente				
AO4.4: Implementar as adaptacións na aula virtual de cada materia	Profesorado das distintas materias e responsable da AV	Dúas semanas despois da reunión previa da AO4.2	Contidos/Actividades adaptadas creados					Realizada				
								Aprazada				
								Pendente				

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A pesar de non ter un Plan Dixital , no que se recollían as necesidades de infraestruturas tecnolóxicas e as nosas necesidades de formación , tanto as Direccións actual e pasadas coma o profesorado do centro fomos e somos conscientes das nosas carencias e, a longo de varios cursos, e na medida das nosas posibilidades, solicitamos a Administración o necesario para a formación (PFPP), equipamento (ABALAR; EDIXGAL) e adquirimos diverso material tecnolóxico.

Hai que dicir, que partimos dunha situación “cómoda” para desenvolver a nosa actividade académica. Aínda así solicitaremos a renovación do equipamento obsoleto ou avariado a Administración polas vías indicadas no documento facilitado por AMTEGA

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será o seguinte:

- Unha vez ao trimestre: Realizarase unha sesión conxunta do Equipo Directivo, Coordinadores TICS e Abalar e o responsable do obxectivo concreto para a valoración do estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, propoñer as posibles modificacións das accións.
- A avaliación final se fará nas datas propostas en cada obxectivo. Realizarase da mesma maneira que a anterior e incluírán, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora e das actuacións/obxectivos a realizar para o curso seguinte.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital presentarase en claustro a todo o profesorado, será incluído na páxina web do centro no apartado de Proxecto de Centro onde pode ser consultado por toda a comunidade educativa e informarse ás familias por mensaxe abalar para que podan consultalo na web.